

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CENTRO: CEIP SOFÍA CASANOVA  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA  
DATA: 8 DE MAIO DE 2019**

# EDUCACIÓN INFANTIL

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- escoita con atención distintos relatos bíblicos.
- Nomea elementos da natureza e reconéceos como obra creadora de Deus.
- Nomea o lugar onde naceu o Neno Xesús.
- Describe a festa do Nadal.
- Identifica a Virxe María e a San Xosé.
- Reconece comportamentos que implican amar e compartir.
- Toma conciencia de que Xesús morreu por salvar as persoas.
- Identifica obxectos relacionados con Xesús.
- Identifica a Xesús como Fillo de Deus e amigo noso.
- Explica a importancia de coidar a natureza.
- Sinala diferentes xestos de axuda cara aos demais.
- Reconece a imaxe dunha igrexa.
- Discrimina entre escenas que mostran amor e outras que non transmiten este sentimento.
- Identifica xestos empregados para rezarlle a Deus.
- Identifica escenas que representan xestos de amor cristián.

- Recoñece a Virxe María como a nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- Enumera comportamentos de amor e coidado cara aos demais.
- Sinala comportamentos que implican compartir cos demais.
- Identifica obxectos relacionados co bautismo.
- Valora a Biblia como o libro que narra o amor de Deus.
- Identifica os principais elementos da festa do domingo.
- É consciente da importancia de perdoar.

### **OBXETIVOS MÍNIMOS EXISIBLES**

- Entender a natureza como un regalo de Deus que hai que coidar.
- Recoñecer que Deus creou todas as persoas e que é o noso Pai.
- Recoñecer o Nadal como a celebración do nacemento de Xesús.
- Saber que é membro dunha familia.
- Coñecer os membros da familia de Xesús.
- Recoñecer a importancia de ter unha familia que lle quere, o protexe e lle axuda.
- Recoñecer a Xesús como o amigo que nos quere e nos axuda.
- Ser quen de pedir perdón.

En canto á avaliación e cualificación, a etapa da Educación Infantil baséase principalmente na observación directa, que nestas circunstancias é imposible levar a cabo, agás por algún pequeno vídeo enviado polas familias mostrando os avances dos seus fillos. Polo tanto, os instrumentos que se terán en conta para levar a cabo a avaliación, serán o traballo realizado polos alumnos nos dous primeiros trimestres de xeito presencial, e os resultados das tarefas propostas polo profesorado para este terceiro trimestre, sempre e cando estas sirvan para favorecer o alumnado.

Os ítems para a avaliación do terceiro trimestre da Educación Infantil serán os seguintes:

### **3 ANOS**

- Recoñece a Xesús como amigo de todas as persoas, especialmente dos nenos e das nenas.
- Recoñece a María como nai de Xesús e dos cristiáns.

### **4 ANOS**

- Coñece a capacidade de Xesús para facer o ben e axudar os demais.
- Valora a natureza coma un agasallo de Deus a todas as persoas.

### **5 ANOS**

- Recoñece a alegría que produce axudarlles aos demais.
- Recoñece a Deus como Creador e Pai.

Seguindo as instrucións dadas pola Consellería para o desenvolvemento deste terceiro trimestre, as actividades propostas para o alumnado serán de recuperación, repaso, reforzo e ampliación dos contidos traballados ata a declaración do estado de alarma de xeito presencial.

A metodoloxía que se empregará será a publicación na páxina web do colexio das actividades propostas por semanas para o alumnado en formato de impresión. Aquelas familias que dispoñan de medios tecnolóxicos ao seu alcance descargarán e imprimirán o traballo proposto, e as que non dispoñan de conectividade poderán recoller as tarefas no propio centro, ou a través do concello, poderán solicitar que se lles entreguen no seu domicilio.

Os materiais e recursos necesarios para realizar as tarefas serán sinxelos e de uso cotiá, de tal xeito que todas as familias dispoñan deles sen dificultade para poder levar a cabo as actividades.

Daráselle cumprida información ás familias do feito da adaptación das programacións do terceiro trimestre a través do Abalar, e ditas programacións publicaránse na páxina web do cole para que pidan ser consultadas polas familias.

# EDUCACIÓN PRIMARIA

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

### PRIMEIRO CURSO

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer que a Igrexa é a familia dos Fillos de Deus.
- Descubrir que Deus é Pai e nos coida.
- Comprender que Deus Pai enviou o seu Fillo Xesús para que nos amose o camiño para chegar a El.
- Saber e valorar a Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa.
- Apreciar o amor de Deus polo home e pola súa creación.
- Recoñecer a mensaxe e a ensinanza dalgunhas parábolas.
- Saberlle aplicar á propia vida os valores e virtudes que xorden das ensinanzas de Xesús.
- Comprender que Cristo nos amosa o seu amor ensinando o camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o seu espírito.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Describe con algúns trazos que é unha familia e que é unha comunidade cristiá.
- Relata coas súas palabras o Amor do Deus Pai por todos nós.
- Memoriza a oración do Noso Pai.
- Repite oracións sinxelas para expresarlle amor a Deus Pai.
- Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa.
- Indica algúns textos bíblicos que sinalan que Deus Pai non nos deixa sos.
- Recoñece na Igrexa diversas manifestacións que expresan a alabanza a Deus Pai.
- Enumera accións que o Señor realiza para ser mellores fillos de Deus.
- Sabe que Xesús resucitou e está sempre con nós.
- Coñece pasaxes do Novo Testamento nas que se manifesta a fe en Xesús resucitado.

### SEGUNDO CURSO

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Descubrir que na Biblia se atopa a mensaxe que Deus Pai dirixe aos que cren nel.

- Comprender que Cristo nos mostra o seu amor ensinando o camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o seu Espírito.
- Saber aplicar á propia vida os valores e virtudes que xorden das ensinanzas de Xesucristo.
- Comprender que Deus Pai enviou o seu Fillo Xesús para que nos mostre o camiño para chegar a El.
- Identificar o significado dos símbolos cristiáns nas festas do seu contorno e primordialmente o templo
- Recoñecer a mensaxe e a ensinanza dalgúñas parábolas e milagres de Xesús.
- Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- Coñece as ideas fundamentais referentes á Escritura (conxunto de libros, significado de inspiración divina, contido...).
- Indica frases de Xesús nas que invita a preocuparse polos demais.
- Identifica relatos evanxélicos onde Xesús expresa que é o Fillo de Deus.
- Recoñece na Igrexa diversas manifestacións que expresan a gabanza a Deus Pai.
- Sinala coas súas palabras que Xesús nos mostra o camiño para chegar ao Pai Deus.
- Identifica a Xesús como enviado de Deus.
- Sabe explicar por que Xesús morreu.

## **TERCEIRO CURSO**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Saber en que consiste a acción creadora de Deus hoxe e como continúa creando e invita o home a colaborar con El. Todos podemos e debemos colaborar con Deus.
- Reflexionar ante a realidade de que as nosas accións poden ser boas ou malas. Ás veces temos erros, deficiencias, ofensas: pecamos.
- Tomar conciencia de que Deus axuda o home sen quitarlle a súa liberdade, dándolle forza para vencer o mal. Confiamos en Xesús como El confiou no seu Pai Deus.
- Valorar que no Nadal Xesús vén para salvarnos, amósanos o camiño, a verdade e a vida. Amósanos o seu amor.
- Coñecer que todo canto fixo Xesús por nosoutros é porque nos ama máis ca ninguén e, por iso, quere que o sigamos e fagamos o que El fai.
- Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdoa o que se arrepite.
- Saber que a Igrexa perdoa os pecados no nome de Deus. Comprender que igual que somos perdoados, tamén nosoutros debemos perdoar e ser misericordiosos. Polo sacramento da Penitencia a Igrexa perdóanos no nome de Deus.
- Comprender o amor de Xesús. Xesús –pola súa morte na cruz– quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. Cristo morreu na cruz para cumprir a vontade do Pai, que era salvarnos a todos. Ao terceiro día, resucitou.
- Coñecer e valorar o mandamento de amar a Deus e ao próximo.
- Coñecer que o home non é como lle gustaría ser. O home necesita que se lle perdoen os seus erros, as súas malas accións, os seus pecados. Necesita sobre todo a salvación de Deus. Deus ofrécelles a salvación aos homes, aínda que o ofendesen. Xesús veu para salvar o home do pecado.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- Recoñece o amor de Deus con nós ao crearnos á súa imaxe.
- Recoñece o sentido relixioso nalgunhas obras artísticas e xestos litúrxicos.
- Sabe que precisa confiar no Señor para vencer o mal.
- Sabe razoar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesús.
- Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus cara ao home.
- Identifica en relatos vocacionais (María, Zaqueo, Pedro, Pablo) o cambio que lles produciu atoparse con Xesús.
- Coñece e relaciona os sacramentos da Reconciliación.
- Comprende e valora accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección.

## **CUARTO CURSO**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Valorar a acción pola que Deus salvou a Moisés das augas do Nilo. Deus encomendou a Moisés a misión de sacar o seu pobo da escravitude de Exipto para levalo á terra da liberdade. Con Moisés, Deus fixo unha Alianza co seu pobo: Deus comprometeuse a coidalos e atendelos e eles tiñan que ser fieis a Deus.
- Coñecer e valorar o mandamento de amar a Deus e ao próximo. O próximo é calquera persoa que necesita axuda, perdón, comprensión, é o teu irmán. A caridade e o amor é o máis excelente dos dons de Deus.
- Recoñecer que Xesús veu para salvar ao home do pecado. No Nadal Xesús vén para salvarnos.
- Coñecer que Xesús ensinounos como debemos amarnos uns a outros e dar testemuño del coas palabras e coas obras, ser testemuñas del. Para facer as obras que Xesús fixo necesitamos a forza do Espírito Santo que se nos dá nos sacramentos.
- Coñecer como valoran os cristiáns a axuda de Deus e a necesidade que teñen dela para facer o ben e vencer o mal. Para iso é necesario confiar Nel. Algúns milagres e parábolas ensínannos a verdade de Deus.
- Saber que a Igrexa perdoa os pecados no nome de Deus. Comprender que igual que somos perdoados tamén nós debemos perdoar e ser misericordiosos. Polo sacramento da Penitencia a Igrexa perdóanos no nome de Deus.
- Comprender o amor de Xesús. Xesús pola súa morte na cruz quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. Cristo morreu na cruz para cumprir a vontade do Pai que era salvarnos a todos. Ao terceiro día resucitou e apareceu ás mulleres e aos apóstolos.
- Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós é porque nos ama máis ca ninguén e por iso quere que o sigamos e fagamos o que El fai.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- Comprende a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos, e a súa plenitude en Xesucristo.
- Recoñece o sentido relixioso nalgunhas obras artísticas e xestos litúrxicos.
- Comprende que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo a restablece coa súa morte e resurrección, e que o amor de Deus dura para sempre.
- Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao home.
- Sabe razoar cos mandamentos, sétimo e oitavo, que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo.

- Sabe aplicar na relación cos amigos e a familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo.

## QUINTO CURSO

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer que o desexo de Deus está inscrito no corazón do home, porque o home foi creado por Deus e para Deus.
- Tomar conciencia de que o home se interrogou sempre ante as marabillas do universo e da existencia humana.
- Descubrir en Xesús Salvador un modelo radicalmente novo de vida que implica unha conversión persoal.
- Recoñecer e valorar a novidade que supón a forma de comunicación divina e a gratuidade da súa linguaxe baseada no amor que se expresa na persoa de Cristo na Biblia.
- Apreciar a acción salvadora de Xesús. Foi o que en verdade cambiou o rumbo da escravitude do mal e do pecado. El é o Salvador. Toda a historia da salvación, dirixida por Deus en favor dos homes, prepara o camiño para a súa vinda...Él é o Cordeiro de Deus que quita o pecado do mundo.
- Valorar a fe, o amor e a esperanza da Virxe María. Ela é Nai de Deus porque dela naceu Xesús... Verdadeiro Deus e verdadeiro home. A promesa de Deus de enviar un salvador cúmprese co nacemento de Xesús en Belén.
- Valorar o amor de Deus, que se manifesta en aceptar o risco de crear seres que o esquezan e o neguen, vencer o mal a forza do ben, seguir creando e recreando, asumir no seu propio Fillo o sufrimento...
- Orientar o sentido último da vida como plenitude do encontro con Deus.
- Coñecer o contido dos sacramentos afondando neles como celebracións festivas e comunitarias da comunidade cristiá. Cristo actúa especialmente e perpetúa na Igrexa os seus actos salvadores. Na Confirmación dáenos o Espírito de Xesús para que sexamos as súas testemuñas.
- Coñecer o sentido que Cristo lle dá á autoridade da Igrexa, que se exerce como servizo. Para implantar o seu reino Cristo envía os seus apóstolos e os seus sucesores. Del reciben o poder de obrar no seu nome. O Señor fixo a Pedro fundamento visible da súa Igrexa.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Valora algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na antigüidade.
- Identifica e valora algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos outros.
- Sabe valorar as achegas no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus como fillo.
- Sabe sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesús.
- Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
- Sabe situar, en textos evanxélicos, a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.
- Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte, fundamentadas na acción salvadora de Xesús.
- Razona como Deus se nos dá a través dos sacramentos.
- Sabe que a Igrexa nos serve no camiñar cara ao ceo.
- Comprende o servizo eclesial que os apóstolos e os seus sucesores lle prestan ao pobo de Deus.
- Valora a misión dos membros da Igrexa, a súa fe e a súa entrega como continuidade da misión de Xesús.



## **SEXTO CURSO**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Recoñecer que o ser humano pode coñecer a Deus, nas obras da creación, en acontecementos da vida humana, no anhelo de felicidade e na voz da conciencia.
- Descubrir como o amor aos pais se traduce en entrega e sacrificio a favor dos fillos. É un mandamento da lei de Deus. A familia é o lugar onde o home faise home de verdade porque é un ámbito de amor. Cando na familia se vive con amor reflíctese o grande cariño que Deus, Pai providente, ten cara a todos os homes.
- Analizar que o home está con frecuencia confuso ante a realidade do mal, da dor e da morte. A raíz non está en Deus senón no home mesmo que o desfigura.
- Valorar a fe, o amor e a esperanza da Virxe María. Ela é Nai de Deus porque dela naceu Xesucristo, que é verdadeiro Deus, nacido do Pai antes de todos os séculos e é verdadeiro home nacido de María, traballou coas súas mans de home, intelixencia e corazón tamén de home. Verdadeiro Deus e verdadeiro Home. A promesa de Deus de enviar un salvador cúmprese co nacemento de Xesús en Belén.

### **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o sentido último da vida, fundamentadas na acción Salvadora de Xesucristo.
- Sabe dar razóns do valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo, e saber aplicar o cuarto mandamento sabendo que na familia se vive con amor e se reflicte o gran cariño que Deus, Pai providente, ten cara a todos os homes.
- Sabe e valora a súa dignidade a partir da creación a imaxe de Deus.
- Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.

## **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

En canto aos procedementos e instrumentos de avaliación, neste terceiro trimestre os procedementos que se empregarán serán a observación sistemática e as valoracións escritas das tarefas de recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación dos contidos traballados nos dous primeiros trimestres de xeito presencial, e que serán propostas a través da páxina web do colexio, sempre e cando estas sirvan para mellorar as notas e beneficiar ao alumnado, en ningún caso poderá perxudicalo. Os instrumentos de avaliación serán a presentación de traballos de forma limpa e ordenada, a constancia na realización das tarefas e o esforzo persoal. Ditas tarefas se farán chegar ao profesorado a través dunha conta de correo electrónico que eles mesmos facilitarán ás familias.

En canto á cualificación final, obteráse en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións. A esa cualificación poderá engadírselle ata 1 punto, en función das actividades realizadas no terceiro trimestre.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE**

As actividades do terceiro trimestre estarán encamiñadas ao repaso, recuperación, reforzo, e no seu caso, ampliación dos contidos traballados de xeito presencial no primeiro e segundo trimestres, e que aparecen reflectidos nos criterios de avaliación adaptados á nova modalidade de ensinanza non presencial ou telemática.

En canto á metodoloxía, as actividades colgaránse semanalmente na páxina web do colexio e aí poden consultarse todas as tarefas propostas dende a declaración do estado de alarma, así como as que se propoñan desta data en adiante.

Aquelas familias que dispoñan dos medios tecnolóxicos axeitados ao seu alcance, descargarán, imprimirán e farán chegar posteriormente ao profesorado as actividades feitas polos seus fillos e fillas.

Para aquelas familias que non dispoñan de conectividade, o centro disporá do material impreso para que poidan achegarse a recollelo ou se lles fará chegar ao seu domicilio por parte do Concello a aqueles que así o soliciten.

Os materiais e recursos necesarios para a realización das tarefas serán o máis sinxelos posible, de xeito que todas as familias dispoñan deles sen dificultade (lápiz, pinturas, tesoiras, pegamento...)

### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A información ao alumnado e ás súas familias levaráse a cabo a través do Abalar ou calquera outro medio do que se dispoña para aquelas familias que non estean dadas de alta nesta aplicación, tales coma o correo electrónico ou o teléfono.

Informaráselles debidamente da existencia desta adaptación das programacións para que poidan consultala na páxina web do colexio, onde se colgará e fará pública.